

DIA DAS LETRAS GALEGAS

2015

XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE

GUIA DIDÁCTICA

Xosé Fernando Filgueira Valverde nace na praza do Peirao, en Pontevedra, o 28 de outubro de 1906, fillo de Xosé M^a Filgueira Martínez (médico) e Araceli Valverde Yaquero, foi un dos intelectuais galegos máis sobranceiros pola súa abundante produción literaria e científica e o seu gran labor de promoción cultural.

Destacou polo seu amor a Galicia e á súa cidade natal, o que o levou a renunciar moitas veces a cargos importantes lonxe da terra.

Estudou bacharelato en Pontevedra e dereito en Santiago onde acadou premio extraordinario de carreira (1927). Continua en Santiago onde comenza os estudos de Filosofía e letras que remata na universidade de Zaragoza.

En 1.936 doutorase tamén con honores na universidade de Madrid coa tese: La cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval.

En 1.959 remata a diplomatura en psicoloxía.

No ano 1.923 participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos. Colaborou activamente en tódalas iniciativas desta institución e dirixiu a Sección de Historia da Literatura ata 1.936. Posteriormente, en 1.972, pasou a ser-lo seu director e, logo de xubilarse, o director honorario.

Introduciuse na docencia como profesor axudante de Lingua e Literatura no instituto de ensino medio de Pontevedra, en 1.927, do que pasou a ser titular en 1.933. Dous anos despois obtivo a cátedra desta especialidade no instituto Balmes de Barcelona. Ese mesmo ano entrou, por permuta, no de Lugo e, en 1.940, por concurso, no de Pontevedra.

Dende 1.946, ata a súa xubilación en 1.976, foi director deste último centro, declarado modelo polo seu nivel académico. Nel conseguiu organizar un coro que foi premio nacional en varias ocasións, cualificación acadada tamén no terreo deportivo.

Participou como patrón fundador na creación do Museo de Pontevedra en 1.927 e foi o seu primeiro secretario ata 1.942, ano no que ascendeu á dirección.

Nel realizou un importante número de tarefas organizativas e modernizadoras, para convertelo nun dos mellores museos provinciais españois.

Chegou tamén a dirixir-la Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Como alcalde de Pontevedra no período 1959-68 estimulou a acción cultural, promoveu a mellora e a construción de instalación escolares e deportivas e a conservación do conxunto histórico e monumental.

No terreo político participou tamén nos organismos nacionais e provinciais de protección de menores (1.943 – 1.968) e foi vogal titular do Tribunal Provincial Contencioso-Administrativo (1.940-1.954). O principal cargo governativo desempeñouno co primeiro executivo autonómico da

transición democrática á fronte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A súa principal batalla nas Cortes foi a defensa do bilingüismo no ensino.

A SÚA OBRA

Filgueria Valverde é autor dunha copiosa produción bibliográfica, co n máis de 200 libros e folletos publicados e milleiros de conferencias e artigos de divulgación en revistas especializadas e xornais.

Boa parte do seu traballo como articulista está recollido na serie “Adral”, nove volúmenes editados entre 1979 e 1996 que recollen as súas colaboracións na prensa desde o ano 1923, que son:

Nós

Cuadernos de Estudios Gallegos

Revista de Filología Española

Encrucillada

Noticiario Arqueológico Hispánico

Grial

Como ensaista:

Formas periódicas en la lírica medieval gallega (1947)

Cancioneiriño novo de Compostela (1969)

Sobre la lírica medieval gallega y sus perduraciones (1977)

A poesía medieval galego-portuguesa fóra dos seus lindeiros (1980)

Alfonso X e Galicia, unha escolma de cantigas (1980)

Estudios sobre lírica medieval: traballos dispersos (1927-1987)

Camoens, conmemoración del centenario de “Os lusíadas” (1958)

Antoloxía do conto galego de medo (1996)

Publicacións de ámbito bibliográfico.

O arquivo do museo de Pontevedra, unha guía suscinta (1991)

Arredor do libro: artigos de bibliofilia (1996)

Santiago de Compostela. Guía de sus monumentos e itinerarios (1950)

La artesanía en Galicia (1953)

Pontevedra, la tierra y sus gentes (1967)

Los canteros gallegos (1976)

El almirante pontevedrés Sarmiento de Gamboa: descubridor, cronista e poeta (1980)

Historias de Compostela (1982)

La escultura gallega, el centenario de Francisco Asorey (1991)

Publicacións como narrador.

Os nenos (1925)
O vigairo: ensaio simbólico, orixinal e inédito (1927)
Agromar, farsa para rapaces (1936)
Quintana viva (1971)

RECOÑECIMENTOS

Fillo predilecto da cidade do Lérez e doutor honoris causa por distintas universidades españolas, recibiu, entre outros galardóns, as medallas de ouro da cidade e da provincia de Pontevedra (1969 e 1977) e a medalla Castelao (1984).

Pola súa creación literaria obtivo o 1º premio da Festa da Fala Galega (1925), os Xogos Florais de Santiago de Compostela (1945), o premio Pérez Lugín (1947), o premio Nebrija (1950) e o Pedrón de Ouro (1973).

Foi distinguida ademais co Premio da Crítica das Letras e das Artes e co premio das Letras e Das Artes da Xunta de Galicia e foi nomeado Galego Egrexio da Fundación Premios da Critica (1995).

CARGOS

Entre 1927 e 1934 xefe da oficina do Padroado Nacional de Turismo.

Vogal da comisión de monumentos de Lugo (1935)

Vogal da comisión de monumentos de Pontevedra (1940)

Tenente do Servizo de Recuperación do Patrimonio Artístico (1938)

Conselleiro de número do Consello Superior de Investigaciones Científicas.

Membro da Comisión para a metodoloxía e Terminoloxía do Español (1954-56)

Membro da Comisión Concordatoria do Patrimonio Artístico das arquidioceses de Santiago de Compostela e Tui (1958)

Vogal do consello de nomes xeográficos.

Delegado de congresos arqueolóxicos nacionais en Galicia.

Presidente do Instituto de Orientación e asistencia Técnica de Galicia.

Conselleiro provincial de escavacións, de Belas Artes e da Misión Biolóxica de Galicia.

Vicepresidente do padroado José María Quadrado (1972-76)

Membro da Fundación Pastor de Estudios Clasicos.

Membro do Real Padroado da Cidade de Santiago.

Presidente de mérito dos Centros galego de Madrid, Santander e Bos Aires.

Numerario da Real Academia de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario.

Numerario da Academia de Ciencias de Portugal.

Membro do instituto de Coimbra

Membro do instituto arqueolóxico alemán

Membro da Academia Brasileira de Folclore.

Correspondente das reais academias da Historia, da Lingua, de Belas Artes de San Fernando e do instituto Histórico do Miño.

Vogal do Instituto de Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (1972)

Presidente do Consello da Cultura Galega (1991-96).

REFLEXIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA SEGUNDA METADE DO SECULO XX

A partir de 1960 prodúcese un conxunto de cambios no ámbito económico e social de Galicia.

A aparición de publicacións como “Grial”, a celebración do “Día das Letras Galegas”, (dese o 1963) a fundación de “Edicións do Castro”, así co mo o rexurdimento de novas asociacións culturais en defensa do idioma galego “O Facho”, “O Galo”, La Asociación Cultural de Vigo, o Ateneo de Ourense...

A universidade galega non quedou á marxe destas inquietudes creando a partires de 1965 a Cátedra de Lingua e Literatura Galega a cargo de Ricardo Carvalho Calero. Seis anos despois naceu o Instituto da Lingua Galega cunha obra investigadora, didáctica, docente, divulgadora e normativizadora desenvolvida ata a actualidade.

A produción literaria galega comenza unha base solida: “Longa noite de pedra” (1962), de Celso Emilio Ferreiro, representa a liña social e cívica caracterizadora da poesía galega da década dos 60.

Lueiro Rey, Bernardino Graña e Manuel María, nova narrativa galega, Xavier Carro, Carlos Casares etc. son algúns dos autores desta lírica que tenta de conxugar o discurso político co literario.

Nos anos 70 e 80 Galicia pasa de ser un país produtor de poesía a interesar e implicar a moita mais xente na literatura, producindo diversos tipos de ensaio sociolingüista e literario – Basilio losada, Francisco Pillado-, teolóxico e relixioso – Andrés torres Queiruga, Chao Rego-, filosófico –Martínez Marzoa-, histórico – Ramón Villares, Felipe Senén, Xosé Ramón Barreiro, pasando por libros, crónicas políticas, revistas etc.

Co reximen democrático Galicia convertese en Comunidade Autónoma, tendo como linguas oficiais o galego e o castelán.

Paralelamente cunha lexislación reguladora dos usos do idioma, chegabase a elaboración dunha lingua estándar, por riba das diferencias dialectais. O instituo da Lingua Galega e a Real Academia Galega propuseron no ano 1982 as “Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego”, que alcanza un carácter oficial coa

promulgación da “Lei de Normalización Lingüística”. A revisión e actualización mais recente destas normas é do ano 2003.

No ano 1981 se aproba o Estatuto de Autonomía que senta as bases dunha recuperación lingüística e cultural.

No ano 1985 creanse a Televisión de Galicia (TVG) e a Radio Galega.

A televisión é unha canle fundamental para manter a presenza da lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais e contribuír á súa normalización nese eido, en tanto que a radio ten o mérito de manter un servizo radiofónico monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia.

Estes dous medios audiovisuais son referentes no ámbito dos medios de comunicación actuais e presentan índices de audiencia aceptables.

Foi a TVG a que rachou con mais tópicos e prexuízos mostrando as persoas de diversas nacionalidades e épocas falando en galego.

O proceso de normalización non está rematado e a situación da lingua galega sendo a maioritaria entre os galegos e galegas continúa a ser minorizada polo que podemos concluír que a mellora das actitudes cara á lingua non mudou substancialmente os efectos do conflito lingüístico.

O ILGA representa a institución académica máis viva e productiva durante unha década (anos 80) para fornecer de base científica a recuperación da lingua galega e divulgar o seu traballo a nivel social con criterios prácticos.

PONTEVEDRA

Pontevedra é un municipio da comunidade autónoma de Galicia, ademais da capital da provincia do mesmo nome.

Pontevedra é a capital histórica e monumental da provincia de Pontevedra; cidade de arte e historia, posúe un centro histórico que tras o de Santiago de Compostela é o máis importante de Galicia. Trátase dunha cidade administrativa, turística e de servizos. É, ademais a cabeceira da comarca de Pontevedra e dunha aglomeración en torno a ría do mesmo nome que, según o plano sectorial de aparcadoiros disuasorios, ten 161.416 habitantes. Segundo o Instituto Galego de Estadística (IGE) a capital pontevedresa é a única área urbana galega que crecerá en habitantes a 10 anos vista (2023) Pontevedra capital sitúase ao fronte do crecemento demográfico en Galicia durante a crise e incrementa continuamente a súa poboación fronte a perda de habitantes ou estancamento das outras cidades galegas.

O termo municipal linda ao norte cos de Barro e Moraña, ao noroeste co de Campo Lameiro, ao este co de Cotobade, ao sueste co de

Pontecaldelas, ao sur do de Soutomaior, ao suroeste cos de Vilanova e Marín, ao oeste ca ría de Pontevedra e o municipio de Poio, ao noroeste co concello de Meis, ao sur a pequena illa de O Castelo tamén forma parte do concello.

A cidade recoñecida como capital das rías baixas, esta enclavada na marxen esquerda do río Lérez, nun estuario, da desembocadura do río Lérez na ria de Pontevedra, é tamén coñecida como a cidade do Lérez e a “Boa Vila”.

DEBUXOS

A mostra consta de 10 carteis que identifican a época e tentan interpretar a súa vida e obra.

Os carteirs foron feitos sobre cartolina con ceras brandas, lapis, carboncillo etc.

A realización dos carteirs implicou un traballo de investigación na aula por parte dos Mestres, así como do alumnado, manipulativo na realización dos carteis e de traballo dixital na súa postproducción.

Os obxetivos que pretendemos son.

- a) Potenciar a interpretación da vida e da obra de Xosé Fernando Filgueira Valverde.**
- b) Coñecer a realidade socio-cultural da época.**
- c) Motivar ao estudiantado sobre a investigación dos nosos ilustres devanceiros.**
- d) Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.**

- e) **Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración interdepartamental e que potencien a implicación de profesorado e alumnado.**
- f) **Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura de Xosé M^a Díaz de Castro.**
- g) **Divulgar materiais en lingua galega.**

CARTEL 1

1906 NACEMENTO

Descrición do contexto do cartel

En Pontevedra nace Xosé Fernando Filgueira Valverde o 28 de outubro de 1906.

Pontevedra é unha pequena vila, capital da provincia do seu nome, que posúe un centro histórico, despois de Santiago, o máis importante de Galicia.

Cidade de ambiente administrativo e de servizos.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Situa nun mapa de Galicia a cidade Pontevedra

Di cales son as catro provincias de Galicia

Cita tres cousas de interese en Pontevedra

Investiga a orixe do nome de Pontevedra

Actividades vinculadas á investigación de coñecemento do contexto

Informate sobre a ponte que cruza o río Lerez.

Tenta explicar como sería a vida dos habitantes da cidade de Pontevedra nos primeiros anos do século XX.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Galicia é unha zona con moita costa, tenta facer unha pequena redacción sobre o seu significado.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas.

Un dos lugares máis típicos de Pontevedra é a igrexa da Peregrina, fai un debuxo del.

Tenta facer un plano de cómo sería Pontevedra na época do nacemento de Filgueira Valverde.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción de cómo sería a vida en Pontevedra na época da xuventude de Filgueira Valverde.

CARTEL 2

ESTUDOS EN PONTEVEDRA E SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición do contexto do cartel

Cursou o bacharelato en Pontevedra e logo marchou a Santiago de Compostela para realiza-la carreira de Dereito, na que obtivo a licenciatura con premio extraordinario en 1.927.

Nesta mesma universidade comenzou os estudos de Filosofía e Letras, que continuo una de Zaragoza.

En 1.936 doutorouse, tamén con honores pola Universidade de Madrid coa tese “La Cantiga CIII”.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Xosé Filgueira Valverde.

Explica como cres que sería a vida dun mozo nos anos 20

Explica como cres que sería a vida cotiá dun estudante universitario en Santiago nos anos 20.

Averigua cales eran os principais lugares de ocio en encontros, tertulias etc., naquela época, en Santiago de Compostela.

Que pensas que significou Santiago e Madrid na vida de Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o edificio que albergaba a facultade de Filosofía e Letras, e Dereito nos anos 20 do século pasado.

Busca información sobre o galleguismo dos anos 20 e 30

Indaga sobre a sociedade galega de preguerra.

Actividades que fomenten as destrezas manipulativas

Debuxa a antiga facultade de Filosofía e Letras e Dereito

Debuxa algún edificio representativo de Santiago ou Madrid.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre Santiago de Compostela

CARTEL 3

OBRA

Descrición do contexto do cartel

Entre a súa extensa obra destacamos:

Artigos en xornais

Traballos de xeografía e etnografía

Narracións

Guías

Teatro

Actividades vinculadas á investigación da figura de Xosé Fernando Filgueira Valverde

Pescuda que pseudónimo utilizaba Filgueira Valverde nas súas obras teatrais.

Cita alomenos dous traballos de narrativa

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o edificio que albergaba o instituto

Informate sobre os ríos que pasan por Pontevedra.

Cal é a distancia entre Coruña e Pontevedra.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa un lugar representativo de Pontevedra.

Debuxa un mapa de Galicia sinalando Coruña, Pontevedra e Santiago.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre a provincia de Pontevedra (ciudades mais importantes, tipos de industria .

CARTEL 4

PROFESOR

Descrición do contexto do cartel

Introduciouse na docencia como profesor axudante de Lingua e Literatura no instituto de ensino medio de Pontevedra, en 1927, do que pasou a ser titular en 1933. Dous anos despois obtivo a cátedra desta especialidade no instituto Balmes de Barcelona. Ese mesmo ano entrou, por permuta, no de Lugo e, en 1940, por concurso, no de Pontevedra.

Dende 1946, ata a súa xubilación en 1976, foi director deste último centro, declarado modelo polo seu nivel académico. Nel conseguiu organizar un coro que foi premio nacional en varias ocasións, cualificación acadada tamén no terreo deportivo. Pola súa actividade pedagóxica chegou a ser coñecido co alcume do “Vello Profesor”.

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde

Explica como sería a vida dun estudante universitario en Salamanca nos anos 40.

Pescuda sobre a universidade de Salamanca e a de Santiago.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda que tipo de material usaban os alumnos/as dos colexios nos anos 40.

Pescuda que materias estudaban os nenos/as de secundaria nos anos 40

Cal pensas que é a principal actividade industrial de Pontevedra

Que tipo de vida pensas que levaría Xosé Filgueira en Pontevedra.

Que tipo de actividade, marisqueira e pesqueira se da na ría de Pontevedra.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a ría de Pontevedra.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre Pontevedra-Marín (tipo de vida, actividades portuarias e industriais etc.)

Fai unha pequena redacción sobre a ría de Pontevedra (xeográfica e socioeconómica)

CARTEL 5

CASA-MUSEO DE ROSALIA DE CASTRO

Descrición do contexto do cartel

Xosé Fernando Filgueira Valverde tamén foi director da Casa-museo de Rosalia de Castro.

No outono de 1947 créase o Patronato Rosalia de Castro, co fin de arranxar a Casa da Matanza, en Padrón, casa na que Rosalia de Castro viviu os derradeiros anos da súa vida. Restaurouse en 1971 e converteuse na Casa-Museo en 1972. A fundación, que continua o labor do Padroado, é a actual propietaria.

Da montaxe e dirección do Museo encárgase Xosé Fernando Filgueira Valverde, con tres liñas moi claras; a didáctica, a expositiva e a evocativa.

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde

Cales pensas que serían os méritos de Xosé Fernando Filgueira Valverde para nomealo director da Casa-Museo de Rosalia de Castro.

Cal pensas que sería a liña didáctica a expositiva e a evocativa da Casa-museo.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Que pensas que pode aportar a Casa-Museo a cultura galega.

Pescuda o que é un Patronato

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a casa da Matanza

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción, se fuches algunha vez, sobre a Casa-museo de Rosalia de Castro, e se nunca fuches sobre algún museo que visitaras.

CARTEL 6

ACTIVIDADES CULTURAIS

Descrición do contexto do cartel

Escrebiu unha serie de traballos sobre a traxectoria cultural e productiva de diferentes escritores, como Rosalia de Castro, otero Pedrayo, Cotarelo Valedor, Cabanillas, Cunqueiro, Losada Dieguez e frei Martín Sarmiento. Sobresae tamén o seu estudio sobre o poeta portugués Camoens, e a antoloxía sobre o conto galego de medo.

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde

En que xornal comezou a publicar os seus primeiros artigos.
Pescuda sobre a serie de volúmenes chamados “Adral”.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Explica como se fai un libro
Cal é a diferenza entre prosa e verso
Que son escritos inéditos.
Cita unha obra de Otero Pedrayo e fai unha pequena psinose.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Tenta debuxar un conto galego de medo

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre un conto galego de medo

CARTEL 7

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Descrición do contexto do cartel

presidente do Consello da Cultura Galega dende 1991 ata 1996.

O consello ten as seguintes competencias

Fomentar a lingua e a cultura en canto creación orixinais entendidas como un patrimonio que cada xeneración debe arrequentar.

Investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego.

Analizar cantas cuestión se refiran ao patrimonio cultural galego.

Promover actuacións culturais adecuadas aos seus fins.

Asesorar e consultar os poderes públicos da Comunidade Autónoma.

Elevar aos poderes públicos informes e propostas en prol da defensa e promoción dos valores culturais galegos.

Actividades vencelladas a investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Que pensas que é unha persoa perfeccionista.

Como definirías ti a poesía.

Que pensas que faría Xosé Fernando Filgueira Valverde como predidente do CCG

Pon un exemplo de acción cultural.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Porque pensas que Xosé Fernando Filgueria Valverde tivo tantos cargos institucionais.

Tenta copiar algún anaco de artigo de Xosé Fernando Filgueira.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a bandeira de Galicia.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre o CCG.

CARTEL 8

RECOÑECEMENTOS

Descrición do contexto do cartel

**Fillo predilecto de Pontevedra
Doctor honoris causa por diversas universidades
Medalla de ouro da cidade e provincia de Pontevedra
Medalla Castelao
I Premio da Festa de Fala Galega
Xogos florais de Santiago de Compostela
Premio Pérez Lugín
Premio Nebrija
Pedrón de Ouro
Premio da crítica das letras e das Artes
Etc.**

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde

Cales pensas que foron os motivos para nomealo académico da Real Academia Galega.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

**Porque pensas que foi merecedor de tantos premios.
Porque a RAG adicoulle o día das letras galegas 2015.**

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa algún dos recoñecementos a que foi merecente.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a historia da RAG.

CARTEL 9

POLITICO

Descrición do contexto do cartel

No terreo político participou tamén nos organismos nacionais e provinciais de protección de menores (1943-1968) e foi vogal titular do Tribunal Provincial Contencioso-Administrativo (1940-54). O principal cargo gubernativo desempeñouno co primeiro executivo autonómico da transición democrática á fronte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A súa principal batalla nas Cortes foi a defensa do bilingüismo no ensino.

Foi alcalde de Pontevedra de 1959 a 1968.

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde

Investiga os motivos polos cales foi merecente do Día das Letras Galegas 2015.

Investiga sobre os xogos florais en xeral e sobre os de Betanzos en particular.

En que anos foi conselleiro de Cultura

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

pesquisa cales foron os persoaxes cos que tivo relación de carácter literario e intelectual.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa un acto de entrega de premios.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Dí o nome do actual conselleiro de Cultura.

Do libro Santiago de Compostela, guía de sus monumentos (1950), copia un anaco e fai un comentario.

CARTEL 10

ESCRITORES DE PREGUERRA

Descrición do contexto do cartel

Coñécese co nome de xeneración Nós, ó grupo de escritores que en 1920 fundaron a revista do mesmo nome, e que eles mesmos rexentaron ata 1936.

Este grupo estivo formado por Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Vicente Risco, Losada Dieguez etc.

Actividades vencelladas á investigación de Xosé Fernando Filgueira Valverde.

Cales foron os escritores mais destacados da xeneración do 36.

Cal foi o escritor que mais influíu na obra de Xosé Filgueira Valverde.

Cando cres que empezaron a publicar estes autores.

Cal foi a xeneración de escritores anterior a esta.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Pescuda as palabras: Clasicismo, intimismo, ruralismo e hilonismo.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

fai un debuxo sobre algún dos membros da xeneración Nós

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a xeneración Nós

Referencias bibliográficas.

Gran enciclopedia galega

Biblioteca virtual galega

Páx. Do concello de Pontevedra

Páx da Real Academia Galega